

NOTA ACLARATORIA SOBRE A APLICACIÓN DO RDL 28/2018 EN RELACIÓN ÁS PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS

O 28 de decembro de 2018 publicouse no Boletín Oficial do Estado o Real Decreto-Lei 28/2018, para a revalorización das pensións públicas e outras medidas urxentes en materia social, laboral e de emprego en cuxa Disposición Adicional Quinta establecense unha serie de normas en relación ao encadramento e cotización á Seguridade Social das persoas que realicen prácticas académicas externas en empresas e institucións.

Á vista da transcendencia do establecido no devandito Decreto Lei, do impacto que a súa entrada en vigor podería ocasionar na organización e planificación das prácticas académicas externas e da falta de concreción sobre a súa entrada en vigor, vemos necesario publicar os seguintes puntos aclaratorios:

1. Contido da disposición adicional quinta do Real Decreto Lei 28/2018

Na devandita disposición establecése a obrigatoriedade de incorporar ao réxime xeral da Seguridade Social (Réxime Especial do Mar no caso de prácticas que desenvolvan a bordo de embarcacións) aos estudantes universitarios que realizan as súas prácticas académicas externas.

As prácticas ás que afectará a devandita obriga serán as curriculares e extracurriculares, remuneradas e non remuneradas, das titulacións oficiais de grao ou de máster.

A cotización realizarase aplicando as mesmas regras que se utilizaban ata agora para as prácticas remuneradas: as dos contratos para a formación e a aprendizaxe sen desemprego, FOGASA, nin FP (en 2018: 39,58€ empresa / 6,94€ estudiante; as cuotas para o 2019 non están establecidas áinda)

A obrigación do encadramento e cotización corresponderá a:

-Prácticas remuneradas: a quien corresponda de acordo coa normativa aplicable (con carácter xeral á empresa)

-Prácticas non remuneradas: á empresa ou á universidade (se así se pacta no convenio de cooperación)

2. Entrada en vigor

A entrada en vigor do establecido nesta disposición queda pendente do seu desenvolvemento regulamentario e, polo tanto, o exposto no punto anterior non é de aplicación en tanto non se produza este.

O propio Real Decreto Lei establece que o desenvolvemento regulamentario deberá producirse nun prazo de tres meses a contar desde o día 1 de xaneiro de 2019.

Isto non quere dicir que a entrada en vigor se va a producir necesariamente no devandito prazo, senón que a norma debería estar desenvolvida no mesmo, sendo esa propia norma a que debe establecer o momento a partir do cal entran en vigor as súas disposicións.

Para as prácticas de carácter non remunerado a obriga de alta e cotización comezaría a partir do día primeiro do mes seguinte ao da devandita entrada en vigor.

3. Resposta da CRUE ao Real Decreto Lei 28/2018

A Conferencia de Reitores das Universidades Españolas CRUE fixo pública o día 4 de xaneiro unha nota de prensa na que reclama a apertura dunha mesa de diálogo coas universidades para abordar o desenvolvemento normativo previsto na disposición mencionada.

Entre as demandas expostas por CRUE cóntanse:

- a) Un tratamento diferenciado para as prácticas curriculares e as extracurriculares.
- b) Que se manteña a bonificación do 100% para as prácticas curriculares remuneradas e a súa extensión ás prácticas non remuneradas tanto curriculares como extracurriculares.
- c) O tratamento das prácticas dos estudos de formación permanente.
- d) O establecemento dun procedemento de alta simplificado e automatizado á Seguridade Social para os estudiantes que realicen prácticas con bonificación, co obxectivo de facilitar a nova xestión que haberán de asumir as universidades e as entidades colaboradoras.

O día 16 de xaneiro a CRUE fai pública unha nota de prensa na que informa que tras unha reunión mantida cos ministerios de Ciencia, Innovación e Universidades e de Traballo, Migracións e Seguridade Social chegaron ao acordo de que a entrada en vigor desta disposición non se produza antes do comienzo do curso académico 2019-2020.

4. Normativa a aplicar

En tanto o regulamento de desenvolvemento non aclare o alcance deste cambio normativo e estableza a data de entrada en vigor do mesmo, as obrigas de Seguridade Social en relación ás prácticas externas mantéñense como ata o momento (RD 1493/2011, de 24 de outubro e disposición adicional 25 do Real Decreto 8/2014):

	NON REMUNERADAS	REMUNERADAS
Prácticas curriculares	Non se esixe alta nin cotización	Esíxese alta e cotización (bonificación da cotización ao 100%)
Prácticas extracurriculares	Non se esixe alta nin cotización*	Esíxese alta e cotización

* Na Universidade de Vigo as prácticas extracurriculares coulevan, con carácter xeral, a obriga de remuneración. Esta remuneración non é exixible para as primeiras 240 horas nin para as prácticas que se desenvolvan en administracións públicas ou entidades sen ánimo de lucro durante tres meses.